



Excmo. Concello de Tui

ENTROIDO 2010

Bases de Participación no Desfile - Concurso de Comparsas & Grupos

Martes 16 de febreiro de 2010 ás 17:30h



PRIMEIRA

ORGANIZACIÓN

O Excmo. Concello de Tui, a través da súa Concellería de Cultura, Persoal e Facenda, e do seu Departamento de Cultura, convoca o Concurso - Desfile de Comparsas & Grupos, que se realizará dentro do marco de actividades do Entroido 2010 na Cidade de Tui.

SEGUNDA

INSCRICIÓN

As inscricións das Comparsas faranse dende o luns 25 ata o venres 29 de xaneiro, ámbolos dous inclusive, no Departamento de Cultura do Excmo. Concello de Tui, en impreso normalizado para este fin, en horario de 09:00h a 14:00h de luns a venres.

Existirá un límite de prazas, onde só poderán participar ás 15 primeiras comparsas, e os 10 primeiros grupos inscritos, facendo a salvedade de que nunca unha comparsa ou un grupo do Concello de Tui, quedara fóra do concurso.

No momento de formalizar a inscrición, é obrigatorio a presentación da seguinte documentación, senón non será admitida a inscrición:

- Copia do C.I.F da Asociación que realiza a inscrición ou N.I.F do particular.
- Copia do D.N.I do representante da Comparsa ou Grupo, ou do Presidente da Asociación ou membro que realiza a inscrición.
- Certificado de Conta Bancaria da Asociación ou do particular.

TERCEIRA

MODALIDADES

COMPARSAS: requírese un mínimo de 30 persoas disfrazadas en conxunto, ata un máximo indefinido.

GRUPOS: requírese un mínimo de 15 persoas disfrazadas en conxunto, ata un máximo de 25 persoas.

Ámbalas dúas modalidades competiran conxuntamente nas diferentes categorías que levan compensación económica no concurso que rexen estas Bases.

CUARTA

XURADO

O xurado estará formado por un membro ou representante de asociacións do municipio de Tui, así coma, por membros do Departamento de Cultura da Concellería de Cultura, Persoal e Facenda do Excmo. Concello de Tui, ou en quen delegue.

QUINTA

CRITERIOS DE VALORACIÓN

O xurado ten liberdade absoluta para vulgar aos participantes nas diferentes modalidades a concursar e, en consecuencia conceder os premios, accésits e fixos que avalan estas bases, en todo caso, pode declarar deserto un ou varios premios ou accésits, así coma, diminuír a contía dos fixos outorgados pola participación, no caso de falta de méritos de valoración claros e específicos, como de dificultade, orixinalidade, ou calidade, así como de non participación total no Entero do Bacallau, ou asistencia tardía ao mesmo, ou ao Desfile, ou calquera circunstancia relevante.

Terase en conta coma méritos, a hora da valoración, a Carroza (ou elementos construídos. Medidas máximas: altura: 4m – ancho 3m), o Acompañamento Musical (música en vivo), a Parodia (interpretación, sátira, sarcasmo, crítica), o vestiario e a orixinalidade, utilizando un baremo de puntuación de 0 a 10 puntos.

Unha vez finalizado o Entroido o Xurado redactará unha Acta de Escrutinio, formalizando os premios e accésits outorgados, como aqueles que puideran quedar desertos, así como, os fixos finais que lle corresponden a cada comparsa ou grupo por participar segundo rexen estas Bases.

SEXTA

PREMIOS, FIXOS E ACCESITS

PREMIOS	XERAL	CARROZAS	A. MUSICAL	PARODIA	ACCESITS	FIXOS	COMPARSAS TUDENSES	COMPARSAS FORÁNEAS	GRUPOS TUDENSES	GRUPOS FORÁNEOS
1º	800 €	600 €	400 €	200 €						
2º	600 €	400 €	200 €	100 €	CON CARROZA	600 €	300 €	300 €	150 €	
3º	400 €	200 €	100 €	50 €	SEN CARROZA	300 €	150 €	150 €	75 €	

Haberá unha contía reservada de 450 € para repartir ou non, a libre designación do criterio do xurado en accésits especiais a comparsas ou grupos.

Segundo a normativa vixente, os premios superiores a 300 € ou a suma de varios, estarán suxeitos a correspondente retención do I.R.P.F.(18%).

A formalización do pago das contías resultantes dos premios e accésits, será mediante transferencia bancaria, e as contías finais pola participación, a través de presentación de factura no Departamento de Intervención do Excmo. Concello de Tui. (especificando se é o caso o Artigo da Exención do IVE).

SÉTIMA

PERCORRIDO

A concentración de participantes farase dende ás 16:30h no tramo final da rúa Casal Aboy e rúa A Guarda, accedendo obrigatoriamente pola intersección da Avenida da Concordia coa Rúa Maristas, e logo coa rúa Ourense, para saír ás 17:30h, primeiro os grupos e logo as comparsas, percorrendo un circuíto pechado ao tráfico polas rúas Casal Aboy, Compostela, Betanzos, Irmáns Maristas, Ourense e A Guarda. (ver mapa anexo)

OITAVA

ORDE DE SAÍDA

O número de orde de saída dos participantes inscritos, asignarase mediante sorteo público, que se realizará o martes 9 de febreiro ás 20:00h no Salón de Sesións do Excmo. Concello de Tui, onde asistirá obrigatoriamente un representante, maior de idade, por cada inscrición realizada, outorgándolle un número que deberá levar cada participante nun lugar visible, tanto no Desfile – Concurso, coma no Entero do Bacallau.

NÓVENA

ENTERRO DO BACALLAU

Os premios, accésits e fixos serán abonados, sempre e cando, os premiados e as comparsas ou grupos participantes acudan na súa totalidade e de rigoroso loito, aconséllase distintivo visual, ao Entero do Bacallau, acompañados dos músicos premiados na modalidade de Acompañamento Musical, a celebrar o domingo 21 de febreiro ás 19:30h dende a Praza de San Fernando, percorrendo as rúas Seixas, Porta da Pía, Ordoñez, Corredoira, con parada no Cantón de Diómedes para realizar o funeral, lendo ou cantando as coplas (entregar copia a organización previamente) ao finado Bacallau, quen desexe coa cara descuberta (5' máximo), seguindo pola Praza da Inmaculada, Augusto G. Besada, enlace da Rúa Ourense e Aparcamento Municipal, onde será a cerimonia do entero mediante a incineración. A gañadora xeral será a portadora do bacallau.

DÉCIMA

COMUNICACIÓN

Estas Bases, serán publicadas a partires do venres 22 de xaneiro, nas páxinas web www.concellotui.org e www.culturatui.info, así como, a súa difusión a través da Radio Municipal de Tui, ou dos diferentes medios de comunicación, e estarán a disposición da cidadanía no taboleiro de información no Concello de Tui, e no Departamento de Cultura, como outros anexos de inscricións e mapas.